

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de rectificación do anuncio de contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no ámbito da praza da Princesa e da praza de Argüelles.

No *Diario Oficial de Galicia* número 173, do 11 de setembro de 2014 publicouse o anuncio do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no ámbito da praza da Princesa e praza de Argüelles, expediente 7279-307.

No número 3.a) do dito anuncio publicado di: «Tramitación e procedemento: a) Tramitación: ordinaria».

O contido dese número debe dicir: «Tramitación e procedemento: a) Tramitación: urgente».

No número 7. di: «Presentación de ofertas: a) Data límite de presentación: o prazo rematará aos 26 días seguintes ao da publicación do presente anuncio no BOP e no DOG».

O contido dese número debe dicir: «Presentación de ofertas: a) Data límite de presentación: o prazo rematará aos 13 días seguintes ao da publicación do presente anuncio no DOG».

Vigo, 11 de setembro de 2014

David Regades Fernández
Concelleiro de Contratación

CVE-DOG: u6gn8nd0-m7o5-3ow6-dnz5-6qs8io5tqsv6

